



Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Cova dos Mouros de Ermelo

Na Cova dos Mouros da parroquia de Ermelo, en Bueu (Pontevedra), unha vez entrou un home e xa non saíu. A entrada era un burato pequeno no medio dunha montaña de pedras polo que había que entrar a rastras. Un día meteuse outro home e dixo que todo era costa abaixo, e que as paredes estaban escritas, e que ao chegar á metade da cova aparecéuselle un mouro vestido de negro con moitos esqueletos arredor. O home recuou e botou a correr cara fóra, e desde saíu viu unha luz amarela entrar na cova e levar ao mouro cara o ceo.

[Segundo as versións recollidas en 1993 polos alumnos Salvador Costas Vilas e Fernando Argibay Juncal, do colexio Público de Bueu e publicadas na revista escolar □O Candil□, nº 15, decembro de 1997]